



GALICIA
REFUXIO
CLIMÁTICO

MANIFESTACIÓN DE INTERESE



SISTEMA VOLUNTARIO
DE CRÉDITOS DE CARBONO
DA XUNTA DE GALICIA

I. Antecedentes e obxectivos

A **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** de conformidade co **Decreto 137/2024, do 20 de maio**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, agrupa dentro das competencias de medio ambiente, entre outras, a loita contra o cambio climático, a protección e promoción do patrimonio natural, das augas, a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, así como as relacionadas co desenvolvemento das enerxías renovables no marco do compromiso de transitar cara a unha economía neutra en emisións, partindo da contribución das enerxías renovables á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do medio ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

Así mesmo, o devandito decreto designou á **Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático** como o órgano encargado de impulsar actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

A **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050** estableceu a folla de ruta para blindar o futuro da Galicia verde, establecendo como meta a longo prazo acadar a neutralidade climática o antes posible e, a máis tardar, no ano 2050. Este obxectivo esta sendo revisado, incrementando significativamente o nivel de ambición, a través do Proxecto de Lei do clima de Galicia en tramitación, que establecerá o marco sobre o que se sustentará o compromiso da Xunta de Galicia para acadar a neutralidade climática, no horizonte de 2040.

Para acadar este obxectivo cómpre impulsar, entre outros, proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades, aproveitando o seu capital natural, como as masas forestais, a agricultura ou os ecosistemas mariños e a acuicultura para xerar o apoio á renda no medio rural e no mar.

A **Lei 2/2024, do 7 de novembro**, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, creou o **Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia**, para servir de nexo entre os operadores ou os grupos de operadores que voluntariamente desexen vender os créditos de carbono xerados mediante o desenvolvemento dos seus proxectos e actividades, e os compensadores que, tamén de forma voluntaria, desexen adquirir ou utilizar créditos de carbono, ben sexa como intermediarios ou ben como axentes finais, para así compensar as súas emisións doutras actuacións.

Coa publicación do **Decreto 95/2025, do 15 de setembro**, polo que se regula o sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, identifícanse e regúlanse os elementos chave para o funcionamento do mesmo, ás metodoloxías do sistema de certificación, os proxectos de absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, ou o comité técnico encargado de elevar propostas de aprobación ou revisión das metodoloxías do sistema e de mellorar o desenvolvemento e a operación do sistema voluntario de créditos de carbono.

Para avanzar no desenvolvemento do sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático lanza, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, a presente convocatoria de Manifestación de Interese (Mdl), dirixida a persoas físicas e entidades do sector público ou privado, así como a asociacións sen ánimo de lucro.

II. Liñas da manifestación de interese

Para a incorporación dos **proxectos de carbono** ao sistema, así como para o recoñecemento e comercialización dos créditos derivados deles, será necesario o seu axuste á unha metodoloxía aprobada no marco do sistema.

As **metodoloxías** son un conxunto de criterios e orientacións, formalmente aprobados, que se utilizarán para os efectos do recoñecemento dos proxectos de absorción de carbono, así como da estimación obxectiva dos créditos que estes vaian xerar.

O Decreto 95/2025 establece o contido mínimo das metodoloxías e o mecanismo de proposta (de oficio ou a proposta de persoas interesadas), que serán sometidas a exposición pública, e analizadas e informadas polo Comité Técnico do Sistema e aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.

As distintas **tipoloxías de actividade** sobre as que se deberán aprobar as metodoloxías de cálculo de carbono son (*Anexo I do Decreto 95/2025*):

- A. Agricultura, sector forestal e cambio de uso de solo (AFOLU).
- B. Transición e/ou eficiencia na industria enerxética.
- C. Construción/edificación.
- D. Redución de emisións por deforestación e degradación.
- E. Outros.

Coa finalidade de optimizar a posta en marcha do sistema lánzase esta manifestación de interese, que busca identificar as principais tipoloxías de actividades sobre as que comezar a traballar para poder aprobar metodoloxías e posteriormente poder recibir proxectos para a súa inscrición no rexistro e incorporación ao sistema.

Para isto, no marco desta Mdl, solicítase que se especifique sobre que elemento do sistema se pretende participar:

- Metodoloxía
- Proxecto

III. Forma de participación

As expresións de interese poderán presentarse ata o **12 de decembro de 2025** (inclusive) e deberán enviarse cubrindo o seguinte formulario: [*Mdl Sistema voluntario de créditos de carbono.*](#)

O anexo pode complementarse cun **breve informe ou documentación** adicional que achegue información relevante, cun límite de 5 páxinas, que deberá enviarse ao enderezo electrónico:

creditosc carbono.medioambiente@xunta.gal baixo o título de "Mdl- Sistema Voluntario de Créditos de Carbono [nome da entidade que envía a proposta]".

A esta Mdl poderá presentarse calquera axente interesado, persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada. **Admitirase a presentación de máis dunha proposta por manifestante.**

A participación nesta expresión de interese non será un criterio previo nin unha condición requirida para o acceso á posible financiación, axudas ou calquera outro medio de apoio a proxectos que poida convocar a Administración. Non obstante, contribuirá a proporcionar unha visión máis ampla e plural para que o deseño das metodoloxías de carbono poida ter en conta as características das distintas tipoloxías de actividades.

Todas as propostas recibidas trátaranse e consideraranse como **confidenciais**.



MÁIS INFORMACIÓN:

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral

Teléfono: **981 541 040**

Correo electrónico: creditosc carbono.medioambiente@xunta.gal